



## CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

### ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29 DE NOVEMBRO DE 2012.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e nove de novembro de dous mil doce, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

#### **Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):**

D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Begoña Calviño Dorado  
D. Jesús Vázquez García  
D. Domingo Fuentes Rocha

#### **Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro  
D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo

#### **Grupo municipal do Partido Popular (PP):**

D.<sup>a</sup> Antonia M.<sup>a</sup> Sanjurjo Seijas (voceira)  
D.<sup>a</sup> Silvia M.<sup>a</sup> Vázquez Cardelle  
D.<sup>a</sup> Isabel Prado Gómez  
D. Alberto Feijoo Rodríguez  
D. Fernando Abruñedo Fernández

#### **Concelleiros non adscritos**

D. Antón Sánchez García  
D. Juan Antonio Fariña Pedreira

#### Así mesmo asiste:

O secretario xeral: D. Federico Suárez Cancelo

### **ORDE DO DÍA**

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2012.

2.- DAR CONTA DO INFORME CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE-2012 SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA MOCIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á CANDIDATURA DA RESERVA DA BIOSFERA “*MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO*”. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

4.- DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DA ESCOLA INFANTIL DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

5.- DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DOS CRÉDITOS DESTINADOS Á PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DECEMBRO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

6.- APOIO AO MANIFESTO DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DA PRENSA DE ESPAÑA (FAPE) EN DEFENSA DO PERIODISMO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

7.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

8.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS CONCELLEIROS NON ADSCRITOS, EN RELACIÓN Á RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO *CASTELO DA CORBEIROA*. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

9.- ASUNTOS URXENTES.

10.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar inicio á sesión, preguntase ao público se alguén vai gravar a sesión en vídeo para a súa posterior inclusión nas redes sociais de internet.

Un dos asistentes no público manifesta que si, do que se avisa ao resto dos presentes.

A continuación dáse comezo á sesión plenaria.

## **1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2012.**

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión do día 25 de outubro de 2012. A Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular; non se formulan, polo que se aproba a dita acta por unanimidade.

## **2.- DAR CONTA DO INFORME CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE-2012 SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.**

Dáse conta aos/ás asistentes do informe correspondente ao terceiro trimestre do ano 2012, sobre o cumprimento da Lei de Medidas de loita contra a morosidade, e que estivo á disposición dos concelleiros da Corporación.

O Pleno queda enterado

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA MOCIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á CANDIDATURA DA RESERVA DA BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

*“Na última década, a UNESCO ten centrado a súa atención no medio ambiente e o desenvolvemento. O programa MAB (People and the Biosphere) é o exemplo máis claro deste traballo. Os principais instrumentos de acción do programa MAB son as Reservas da Biosfera. A figura de Reserva da Biosfera outórgase a territorios que están comprometidos en compaxinar a conservación ambiental co desenvolvemento socioeconómico sostible.*

*Nas “Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo” destaca non só a importancia dos seus valores ambientais, senón tamén os culturais, etnográficos e históricos, que foron motor de desenvolvemento deste territorio e diferenciadores respecto a outros.*

*As “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” contan cos requisitos necesarios para a súa declaración como Reserva de Biosfera, e isto permitirá a participación da súa poboación, e comprometerse coa conservación dos recursos naturais a través dun modelo de desenvolvemento socioeconómico sostible que xere oportunidades para a igualdade social, sen comprometer a xeracións futuras.*

*Desde a Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” estase a traballar na execución do Programa LEADER, tendo como obxectivo final da súa estratexia de desenvolvemento a valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partir da valorización do patrimonio natural, cultural e do fomento da cohesión social.*

*Despois de elaborar a Candidatura á Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” que foi presentada ante o Comité Español do Programa MaB, no mes de setembro do ano 2012, se ten trasladado ao Comité Internacional de Coordinación.*

*En virtude dos fundamentos expostos anteriormente, o CONCELLO DE BERGONDO quere reforzar o apoio á Candidatura presentada, e co motivo do día 3 de novembro de 2012 “Día Mundial das Reservas de Biosfera” queremos manifestar o compromiso dos concellos co aforro enerxético e a loita contra o cambio climático.*

*Polo tanto, **PROPÓNSE** a aprobación da seguinte declaración institucional para o reforzamento por parte de tódolos concellos da Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”, da Candidatura a Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”:*

#### **“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**

**PRIMEIRA.-** *Apoiar a declaración da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” que brinda unha oportunidade para a sensibilización dos axentes sociais e a cidadanía en relación á loita contra o cambio climático e a eficiencia enerxética. O Concello de Bergondo, que forma parte deste territorio, comprométese a contribuír á loita contra o cambio climático, establecer como estratexia de desenvolvemento o uso das enerxías autóctonas, promover a eficiencia enerxética e fomentar os Plans de aforro enerxético municipais.*

**SEGUNDA.-** *Desde os territorios rurais pódese contribuír notablemente á loita contra o cambio climático, sendo unha contribución importante a que se pode realizar desde a implementación de enerxías renovables e criterios de eficiencia enerxética nas infraestruturas municipais.*

**TERCEIRA.-** *A declaración da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” permitirá, entre outras liñas de traballo, promover a utilización de medios de locomoción non dependentes das enerxías fósiles, favorecer o aproveitamento e regulación da luz natural nas instalacións públicas, e a priorizar as enerxías limpas e de alta eficiencia fronte aos combustibles fósiles.”*

Toma a palabra o Sr. concelleiro non adscrito, Antón Sánchez García e di: evidentemente os principios do programa compartímolos plenamente, igual que os compartimos cando se quixo implantar a Axenda 21 na comarca, pero tamén estamos cansos de que os concellos se adhiran e fagan declaracións sen crer nelas, aquí se fala de medioambiente e desenvolvemento; fálase de desenvolvemento sostible, de potenciar os valores ambientais, etnográficos, históricos e culturais e a participación dos axentes sociais e da cidadanía. Un destes elementos, non se ve moi potenciado polos concellos da redonda, por este principalmente tampouco, non hai planificación urbanística, que é básica para un desenvolvemento sostible, non hai elementos para a participación cidadá, non hai protección dos nosos valores etnográficos, históricos e culturais. Polo tanto, a ver se serve para que, ademais de facer declaracións que non custan nada, se fagan políticas para o que se di nestes principios. Nos imos apoiar a moción.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

#### **4.- DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DA ESCOLA INFANTIL DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

*“Logo de realizar o proceso de elección de varios membros do Consello Escolar, correspondente o/a docente elixido/a polo claustro de docentes e un representante dos pais e nais, ó abeiro do artigo 44 do Regulamento de funcionamento e organización da Escola Infantil Municipal de Bergondo, pola presente **propoño** ó Pleno municipal, que tras ditame da Comisión Informativa, adopte o seguinte acordo en consonancia co artigo 43 do Regulamento de funcionamento e organización que rexerá a prestación do servizo da Escola Infantil Municipal de Bergondo,*

**Primeiro:** Designar como representantes do Concello de Bergondo no Consello Escolar da Escola Infantil Municipal de Bergondo aos seguintes:

*Titular: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Begoña Calviño Dorado. Concelleira de Benestar Social, Deporte e Xuventude, ou persoa en quen delegue.*

*Titular: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Vázquez Vázquez. Técnica de apoio social dos Servizos Sociais Comunitarios de Bergondo.*

*Suplente: Mónica Mourín López. Traballadora Social dos Servizos Sociais Comunitarios de Bergondo.*

**Segundo:** Conforme ao anterior o Consello escolar quedará integrado polos seguintes membros:

*Presidenta: D<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez. Alcaldía do Concello de Bergondo.*

*Vogais:*

*1.- D<sup>a</sup> Mónica Domínguez Calo. Dirección educativa da Escola Infantil*

*2.- D<sup>a</sup> Iria García Otero. Membro representante do persoal docente da escola*

*3.- Paula González Gundín. Membro representante da empresa adxudicataria do servizo.*

*4.- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Begoña Calviño Dorado. Concelleira de Benestar Social, Deporte e Xuventude.*

*5.- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Vázquez Vázquez. Técnica de apoio social dos Servizos Sociais Comunitarios de Bergondo.*

*\* Suplente: Mónica Mourín López. Traballadora social dos Servizos Sociais Comunitarios de Bergondo.*

*6.- D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> García Fernández. Representante dos/das pais e nais de alumnos/as da Escola Infantil Municipal de 0-3 anos.*

**Terceiro:** Comunicar o presente acordo ós/ás interesados/as.

*O Pleno Municipal decidirá o que crea máis conveniente.”*

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

## **5.- DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DOS CRÉDITOS DESTINADOS Á PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DECEMBRO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

*“O Real Decreto lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, no seu artigo 2.1 establece que no ano 2012 o persoal do sector público, verá reducidas as súas retribucións, nas contías que corresponda percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes.*

*O citado Real Decreto lei establece no seu apartado 6 a excepción para aqueles empregados públicos cuxas retribucións por xornada completa, non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional, sen que unha vez aplicada a citada redución o salario poida ser inferior a contía derivada deste cómputo, segundo establece tamén o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas nuns criterios para a aplicación do Título I do citado Real Decreto Lei.*

*O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, publica ademáis, unha nota informativa de data 5 de setembro de 2012, modificada en data 23 de outubro de 2012 e que constan no expediente, relativas á aplicación do citado Real Decreto, no que establecen unha serie de obrigas a realizar polas Entidades Locais, como a inmovilización dos créditos derivados desta supresión e o correspondente destino dos mesmos có establecido na normativa de aplicación. Polo que no ano ou nos anos no que as leis de orzamentos dispoñan a súa aplicación, haberán de dotarse os créditos no orzamento, nos termos e co alcance que se determine.*

*En relación ó anteriormente exposto **PROPONSE** ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:*

**PRIMEIRO.-** *Declarar non dispoñibles os créditos correspondentes á paga extraordinaria do mes de decembro, pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, do persoal que presta os seus servizos no Concello, e cuxas retribucións non se atopan na excepción recollida no artigo 2.6 do Real Decreto Lei 20/2012, por importe de **61.032,20 €**, os cales presentan o seguinte desglose por partidas:*

<b>Clas. Programas.</b>	<b>Clas. Económica.</b>	<b>Denominación de la Aplicación</b>	<b>IMPORTE</b>
150	120.00	Retribucións básicas soldos persoal func.	1.514,11
920	120.00	Retribucións básicas soldos persoal func	4.846,64
150	120.01	Retribucións básicas soldos persoal func	1.498,98
230	120.01	Retribucións básicas soldos persoal func	2.893,88
130	120.03	Retribucións básicas soldos persoal func	3.711,54
920	120.03	Retribucións básicas soldos persoal func	4.002,86
130	120.04	Retribucións básicas soldos persoal func	1.222,12
920	120.04	Retribucións básicas soldos persoal func	4.317,10
912	110.00	Retribucións básicas persoal eventual	499,94

130	121.01	Retribucións complementarias CE pers func	1.765,04
150	121.01	Retribucións complementarias CE pers func	1.626,52
230	121.01	Retribucións complementarias CE pers func	832,31
920	121.01	Retribucións complementarias CE pers func	7.568,36
230	130.00	Retribucións básicas persoal laboral	4.650,56
920	130.00	Retribucións básicas persoal laboral	13.586,73
920	131.00	Retribucións persoal laboral	6.495,51
<b>TOTAL PAGA EXTRAORDINARIA MES DE DICIEMBRE</b>			<b>61.032,20</b>

**SEGUNDO.-** Destinar estes créditos, en exercicios futuros, á realización de aportacións a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da contingencia de xubilación, con suxeición ó establecido na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e nos termos e co el alcance que se determine nas correspondentes Leis de Orzamentos.

**TERCEIRO.-** Comunicar o presente acordo a Intervención e Tesourería, aos efectos oportunos.

Seguidamente o Sr. concelleiro non adscrito, Antón Sánchez García di: o noso grupo vai votar en contra, por dúas razóns; pola medida en si, da que xa dixemos que non estabamos de acordo, e non o estamos en que se lle retire a paga aos funcionarios, e logo non estamos de acordo en que a crise a paguen sempre os de abaixo.

Esta crise comezou con fallos do sistema financeiro, ca crise de burbulla inmobiliaria, por prácticas inmoraís de enriquecemento, etc. Nos vemos agora que todas as medidas son que traballadores e funcionarios paguen o que outros se levaron, cando era a época das *vacas gordas* da burbulla inmobiliaria aos funcionarios non se lles subía o salario, e despois cando con ese sistema de desenvolvemento que había en España, de movemento de diñeiro negro, aínda agora se lles da amnistía fiscal aos que estiveron movendo ese diñeiro e se lle quita a paga extra aos funcionarios.

Ademais, é unha medida que desincentiva o consumo polo que para o comercio vai supoñer que non haxa paga extra para os funcionarios. Polo tanto, mais do mesmo, a austeridade é un círculo pernicioso, hai menos ingresos, menos salarios, menos consumo e cada vez a débeda vai sendo maior. Non estamos de acordo coa medida, parécenos inxusta, e aínda por enriba, parécenos inxusto que todo este diñeiro que non se vai gastar en pagarlles aos funcionarios, vai quedar retido e a servir, como ben dixo o secretario, ao ler a proposta, para pagar plans de pensións e seguros privados; con empresas privadas que con eses cartos van especular no mercado financeiro, polo tanto os cartos non se van utilizar en servizos sociais en Bergondo, non se van utilizar en actividades deportivas, como moi ben explicou o secretario. Por último dicir que se se trae isto a Pleno, ¿podemos acordar que non se fai isto?, non, traemos unha cousa ao Pleno que non podemos votar con liberdade, iso é así, ou sexa, se nós non aprobamos isto, ¿que é? prevaricación, Sr. secretario; algo así ¿verdade? realmente non ten sentido traelo ao Pleno.

Sra. alcaldesa: Sr. concelleiro ten sentido traelo ao Pleno porque é unha modificación do Anexo de persoal e é o Pleno quen ten que decidir.

Sr. concelleiro: estamos de acordo, pero non podemos votar con liberdade sobre este asunto.

Sra. alcaldesa: vostede pode votar con liberdade en contra. O grupo de goberno tamén está en contra desta medida, pero a pesar diso, gobernar significa, moitas veces, tomar decisións que non son as que a un lle gustan. Estivemos sempre en desacordo con esta medida, sobre todo polo que vostede moi ben explicou aquí, aínda encima eses cartos non van reverter en ningún beneficio para os habitantes de Bergondo, quedan nun limbo porque tampouco se poden transformar neses plans de pensións privados, ao día de hoxe a Lei de orzamentos o prohibe, co cal o que di a proposta é que no momento en que a Lei o permita, co cal será, ao mellor, dentro de tres ou catro anos.

Estamos en contra desta medida e, aínda así, a responsabilidade implica ter que votar a favor e ter que aplicala.

A continuación procedese á votación a proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado: Grupo municipal Socialista catro (4) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo dous (2) a favor; Grupo municipal do Partido Popular cinco (5) votos a favor; concelleiros non adscritos: dous (2) en contra.

**Total: once (11) votos a favor, e dous (2) en contra.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada**, por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

## **6.- APOIO AO MANIFESTO DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DA PRENSA DE ESPAÑA (FAPE) EN DEFENSA DO PERIODISMO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

*“O día 31 de outubro de núm. 10071, segundo o Rexistro Xeral de Entrada, recibíuse neste Concello un escrito da Asociación da Prensa da Coruña, co que se achegaba un Manifesto da Federación de Asociacións de Periodistas (FAPE), en defensa do periodismo, ante o deterioro xeneralizado do exercicio profesional e as graves repercusións que elo supón para o sistema democrático español.*

*En base ao exposto proponse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro:** *Apoiar o manifesto da FAPE en defensa do periodismo, que se axunta a esta proposta, remitido a este concello pola Asociación da Prensa da Coruña.*

**Segundo:** *Dar traslado de certificación deste acordo á citada asociación.*

*Non obstante o Pleno decidira o que crea mais conveniente.*

### **MANIFIESTO POR LA DEFENSA DEL PERIODISMO**

*Si aseguramos que el periodismo atraviesa en España la peor crisis de su historia, nadie podrá decir que exageramos. Se nos podrá acusar de ser reiterativos porque desde la Asociación de la Prensa de La Coruña, al igual que desde la Federación de Asociaciones de la Prensa de España (FAPE) venimos denunciando este desastre, una y otra vez, en los últimos años.*

*En esta denuncia constante, hemos sostenido y sostenemos, como eje de nuestra posición, que nuestro país pagará un alto precio si asiste al deterioro del sector periodístico sin tomar medidas que palien la situación. Dejar morir el periodismo es como dejar morir la democracia, porque los medios contribuyen a su sostenimiento promoviendo el debate cívico, el intercambio de ideas y actuando como contrapoder a fin de evitar los abusos.*

*En término de empleo, el drama esta cuantificado a través del Observatorio de la Crisis de la FAPE que, desde noviembre de 2008, viene registrando su impacto. Con los últimos ERE en editores locales y en varios grupos nacionales líderes, como los de EFE y los anunciados en El País y Unidad Editorial, hemos superado los 8.000 empleos perdidos en el período de contabilización, lo que unido a los anteriores eleva a 10.000 el total de periodistas en paro.*

*Se podrá afirmar que hemos predicado en el desierto a la vista de lo que sigue ocurriendo en nuestro sector, que no es el único, por supuesto, que sufre la grave crisis que atenaza nuestro país.*

*Pero el nuestro –y pedimos disculpas por el atrevimiento- es un sector especial porque la demolición de sus cimientos afecta directamente a la libertad de información y de expresión, que constituye la base de todas las demás libertades y es el fundamento de la dignidad humana.*

*Sabemos lo que es un país sin medios independientes, sometidos a la censura diaria de sus informaciones, con periodistas encarcelados por ejercer la crítica del poder, despedidos por resistirse a las presiones e*

*incluso asesinados por tratar de ser independientes. Lo estamos viviendo en varios países, algunos de ellos muy cercanos a nosotros por lazos históricos y culturales.*

*Sabemos lo que significa contratar a periodistas sin remuneración o con un salario indigno. Sabemos lo que supone para la vitalidad de un país que su prensa vaya muriéndose poco a poco. Sabemos que todos estos factores negativos empobrecen la democracia y abren el paso a impulsos autoritarios, de los que los ciudadanos son las principales víctimas.*

*La precariedad laboral y salarial se extiende como una marea, colocando a los periodistas en una situación de indefensión ante las presiones, vengan de donde vengan. El papel de contrapoder de la prensa queda reducido a la mínima expresión.*

*En el enfoque de los editores, los periodistas dejan de ser unos profesionales a respetar para convertirse en números que pueden ser tachados en cualquier momento.*

*La expulsión de periodistas veteranos, con fuentes con criterio, priva a los medios del necesario talento para ofrecer a los ciudadanos un periodismo de calidad. De nuevo, la sociedad es la gran perjudicada.*

*El panorama propicia que surjan agoreros que pronostican el fin del periodismo, que es casi como sostener que la democracia tiene los días contados. Porque ustedes, los representantes de los ciudadanos, saben bien que sin la prensa libre y crítica con el poder, la salud de la democracia se resiente.*

*Pero no tenemos ninguna duda de que el periodismo sobrevivirá como elemento vital para el desarrollo de nuestra democracia y de nuestra sociedad en un clima de tolerancia y de convivencia pacífica.*

*Tampoco tenemos ninguna duda de que los periodistas seguiremos siendo necesarios para jerarquizar las noticias, confirmar su veracidad, contrastarlas y difundirlas bajo un paraguas ético y deontológico, como garantes que somos del derecho fundamental de los ciudadanos a recibir información libre y veraz.*

*Ante este panorama, los periodistas no nos estamos quedando quietos. Estamos plantando cara a la crisis promoviendo innovadores proyectos editoriales, pero creemos que esta respuesta solo profesional no es suficiente.*

*Las instituciones y los ciudadanos tienen que saber que su futuro democrático y solidario necesita unos medios de comunicación potentes e independientes, con periodistas que, con su credibilidad, aporten elementos que ayuden a la gente a formarse su propia opinión.*

*No hemos encontrado otra forma mejor de expresarlo que el eslogan de nuestra campaña en defensa de nuestro oficio: “Sin periodistas no hay periodismo. Sin periodismo, no hay democracia”.*

*Por lo tanto, hacemos un llamamiento a los representantes de los ciudadanos en todas las instituciones para que respalden este manifiesto en defensa del periodismo.*

*En este llamamiento destacamos:*

*.- QUE la libertad de información se debilita cuando el periodismo se convierte en una fuente de manipulación, de sensacionalismos, de odios y de defensa de intereses ajenos al bien común.*

*.- QUE esa misma libertad queda dañada cuando se convocan ruedas de prensa sin derecho a preguntas y cuando los representantes públicos se niegan a comparecer para dar cuenta de sus actividades en el ejercicio del poder.*

*.- QUE es necesario el ejercicio responsable del periodismo por parte de periodistas y editores, basado en el cumplimiento de normas éticas y deontológicas y en valores como la integridad y el rigor.*

*.- QUE la supeditación de la ética a la dictadura de la audiencia conduce a la inmoralidad y a la ilegalidad, como nos ha demostrado en el Reino Unido el caso del News of the World.*

*.- QUE el derecho de información y la libertad de expresión pierden fuerza y eficacia cada vez que desaparece un medio.*

*.- QUE unos periodistas mal pagados, y más si no perciben salario alguno, difícilmente podrán resistir las presiones de los poderes, sean del tipo que sean, para difundir informaciones sesgadas, interesadas y en algunos casos falsas.*

*.- QUE el elevado paro en el sector está propiciando que los editores abonen cantidades humillantes a colaboradores y free lance.*



*.- QUE los Gobiernos y las instituciones no pueden mirar hacia otro lado cuando empresarios sin escrúpulos quieren convertir un espacio de libertad, como es un medio de comunicación, en un taller de esclavos ofreciendo empleos sin remuneración.*

*.- QUE el futuro del periodismo está en la calidad del contenido que elaboren los periodistas sea en el soporte que sea. Si los medios renuncian, como están haciendo, a las buenas historias a los buenos reportajes de investigación, a las buenas crónicas de los corresponsales, poco podrán hacer para convencer al usuario de que es necesario pagar por los contenidos.*

*.- QUE las Administraciones tienen que incentivar los proyectos de los periodistas emprendedores que buscan alternativas a la crisis con ideas valientes y novedosas.*

*.- QUE la defensa de la libertad de prensa, del derecho de información y del ejercicio de un periodismo digno y dignamente remunerado, atañe también a las instituciones y a los ciudadanos.*

*Consecuentemente, solicitamos a las instituciones que adopten este manifiesto en defensa del periodismo y que lo tramiten y aprueben como resoluciones en plenos, comisiones y otros órganos que juzguen oportunos.”*

A continuación procedese á votación a proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:  
Grupo municipal Socialista catro (4) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo dous (2) a favor; Grupo municipal do Partido Popular cinco (5) abstencións; concelleiros non adscritos: dous (2) a favor.

Total: once (8) votos a favor, e cinco (5) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada**, por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

## **7.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da declaración institucional informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

*“Hoxe, a poboación dos nove concellos que integramos o Consorcio As Mariñas: Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, queremos amosar, un ano máis, o noso rexeitamento á lacra social que supón para a nosa sociedade a violencia de xénero.*

*A violencia de xénero é un problema de Estado que provocou 43 vítimas mortais, no que levamos de 2012, e 609 mulleres mortas na última década; motiva máis de 130.000 denuncias anuais e obriga que cerca de 20.000 mulleres precisen na actualidade de protección policial.*

*Estas son as cifras oficiais, pero todas e todos sabemos que a violencia de xénero é un problema cun alcance moito maior, por un lado existe un gran número de vítimas ocultas e por outro ten consecuencias máis aló das que poida sufrir a propia vítima oficial, falamos dos fillos e das fillas, das familias extensas... o número de persoas ás que afecta este problema é demasiado numeroso para quedar de brazos cruzados. Unha sociedade moderna e avanzada non se pode permitir seguir sufrindo este dano, que afecta a todas e todos por igual e ten a súa orixe na desigualdade de xéneros. Chegou o momento de que cada persoa faga fronte, de forma individual e colectiva, á violencia machista.*

*Por iso estamos aquí, para amosar a nosa solidariedade e apoio ás vítimas e ás súas familias, e para dicir, dunha forma clara e rotunda, que creemos e queremos unha sociedade máis xusta e igualitaria, baseada no respecto e a convivencia, que rexeita a violencia de xénero en calquera das súas formas.*

*A educación baseada en valores de igualdade e a loita contra os estereotipos e roles que se asignaron á muller durante anos, é a única forma posible de provocar un cambio real no pensamento e nas accións para acadar esa sociedade á que aspiramos.*

*Debemos iniciar unha nova andaina na que os nove concellos xuntos apostemos decididamente por impulsar medidas e instrumentos que reforcen esta vocación, e por iso que dende mañán mesmo daremos os pasos para acadar un **pacto cidadán contra a violencia de xénero**, un gran acordo representativo da sociedade das Mariñas, no que estean presentes todos os estamentos e entidades do noso territorio e no que asumamos, cada un de nós, os compromisos para acadar este obxectivo.*

*Este compromiso real e manifesto de todas e todos nós vai ser unha peza clave para chegar ao noso fin: unha sociedade libre da violencia de xénero.”*

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a declaración que se acaba de transcribir.

## **8.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS CONCELEIROS NON ADSCRITOS, EN RELACIÓN Á RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO CASTELO DA CORBEIROA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Castelo, ou máis propiamente, a batería defensiva de Punta Corbeiroa, foi edificada, xunto co outro baluarte defensivo da baía de Sada –concretamente o de Fontán- nos albores do século XVIII. Ámbalas dúas formaban parte do sistema de protección artellado polas autoridades da época para brindar seguridade ás incipientes industrias téxtiles e de salazón da sardiña que tiñan xurdido na vila de Sada. Debeu ser tal a importancia de ámbalas construcións que, con posterioridade, tanto Fontán como Corbeiroa acabarían sendo plasmadas ou simbolizadas como dúas torres no emblema municipal do concello de Sada. Emblema ou escudo municipal que perdura ata a actualidade.*

*Hoxe en día, a batería de Corbeiroa está, administrativamente falando, no Concello de Bergondo. De feito atópase incluído no recinto do Albergue xuvenil “Marina Española”.*

*Segundo informacións procedentes do arqueólogo que estivo a cargo dos traballos na batería de Fontán, a de Corbeiroa está enteira (non así a de Fontán). En palabras del mesmo: “Esta batería fala do valor estratéxico desta parte da ría, e ademais, está moi conservada”.*

*Por todo o exposto; en aras da protección do noso patrimonio histórico i en busca de acadar a recuperación para o lecer, paseo e coñecemento do público en xeral dun lugar que ademais destaca polos seus valores paisaxísticos, os concelleiros Antón Sánchez García e Juan Antonio Fariña Pedreira, propoñen á Corporación Municipal de Bergondo, adopción dos seguintes ACORDOS:*

**Primeiro.-** *Instar á Xunta de Galicia á limpeza, estudo e posta en valor dos restos do castelo de Corbeiroa, para facilitar dese xeito o coñecemento e disfrute dun anaco da nosa historia, dun legado patrimonial de importancia e dun miradoiro sobre a ría que sen dúbida destaca polos seus valores paisaxísticos.*

*O pleno da corporación municipal adoptará o acordo que estime oportuno.*

*Bergondo, a 25 de setembro de 2012.*

Sra. alcaldesa: por parte do partido socialista, tal e como fixemos na Comisión Informativa, votamos a favor; si que é certo que quizás non sexa unha das accións prioritarias, ao día de hoxe, para a Xunta de Galicia, pero en todo caso o voto é a favor.

Sra. voceira do PP: por parte do Partido Popular, o noso voto vai ser en contra porque como vostede dicía o outro día, isto custa moi pouco, e aínda que custe moi pouco e aínda que o pague a Xunta de Galicia, este gasto vai supoñer menos cartos para sanidade, para educación e para servizos sociais; cremos que non é o momento de plantexar esta actuación.

Sr. voceiro de VB: nos imos a abstermos por dous motivos principais; primeiro houbérame gustado que o Sr. Antón Sánchez, que agora é deputado, se estreara nesta Cámara cunha moción para recuperar ese entorno, non só a batería, senón ese edificio, para facer un Centro de día para maiores de Bergondo, se fixeramos todos así e velásemos polo interese xeral, non faría falta facer unha moción solo para recoñecer un anaco dese entorno. Penso que nos momentos que corren actualmente, e eu coñezo ben esa batería, debemos focalizar mais os esforzos en facer un Centro de día e absorber ese anaco de historia dentro do que pode ser un futuro de rendibilidade para os nosos maiores; polo tanto entendemos que o de copiar unha cousa que a fan en Sada outros grupos e facelo en Bergondo, non é lóxico; aínda así ímonos a abster.

Sr. concelleiro non adscrito, Antón Sánchez García: imos ver, no tema da voceira popular, que fala como sempre de austeridade, esa austeridade que cada vez nos endebeda mais; o da alcaldesa que di, cousas prioritarias, cousas que non son prioritarias. Nos preguntamos polas prioritarias, e polas que non son prioritarias, e poñemos os esforzos prioritarios nas prioritarias, pero non deixamos de lado cousas porque, as cousas prioritarias conseguense de facer moitas medidas. Cando falábamos do respecto aos valores etnográficos, históricos e culturais, iso faise con pequenas medidas; isto ten, practicamente, un custo nulo e cremos que daría alternativas de ocio. Tamén pola educación, a xente nova debe coñecer o seu pasado, incluso como atractivo que supón para a xente de fora de Bergondo, cremos que é unha boa proposta; simplemente porque se trata de conveniar coa Xunta de Galicia o paso e limpar un pouco a batería, porque está nunhas condicións de boa conservación; polo tanto parécenos unha boa solución.

Con respecto ao que di o portavoz de Veciños de Bergondo, evidentemente, vou presentar esta e outras proposicións no Parlamento Galego, non ten que ver unha cousa coa outra; a nosa presente preocupación xa ven de atrás, pero todo o que se faga en Bergondo, na miña opinión, ten que pasar por este Pleno, que é o órgano soberano e democrático, non ten que pasar polo que un deputado de Bergondo queira facer no Parlamento; o órgano de decisión do que se faga en Bergondo ten que ser aquí.

Para finalizar, o Partido Popular paréceme moi incoherente que diga iso, eu teño aquí o programa do Partido Popular, e pon, se alguén me quere desmentir eu non falsifico nada, promete a *conexión del paseo marítimo de Sada con la playa de Gandarío*; isto se fai tamén sen cartos; despois unha *senda peatonal de Fiobre a la playa del Pedrido*, isto tamén tería que pasar por aquí, eu creo que non fai tanto tempo, xa estabamos en crise cando foron as eleccións municipais e aquí esta o seu programa. Eu creo que cando se quere votar, débese votar en conciencia, non se debe votar con outros intereses, daquela hai que ser mais coherente.

Sra. voceira do PP: sígolle a dicir que non é o momento, que efectivamente no programa do Partido Popular ían esas e outras moitas propostas, entre elas tamén o Centro de día, pero tamén consideramos o que lle digo, que non é o momento; cando vostede está a facer críticas constantes cara o Partido Popular de recortes en sanidade, en educación, etc.

Sr. concelleiro non adscrito: ben, daquela agora xa se descubre que eu critico as políticas do Partido Popular, home, coñecémonos, non sei se pensabas que eu viña aquí a eloxiar ao Partido Popular; pero ben. No programa de cultura, que non estabamos de acordo, no debate dicía, que eu non me meto no Programa, *crear un Plan de fomento patrimonio, cultural, arquitectónico, arqueolóxico, artesanía, que potencia su valor turístico*, esta aquí; isto non se fai gratis, e era no dous mil once, estabamos en plena crise tamén, e os que recortan en sanidade e educación é o Partido Popular.

Sra. voceira do PP: Sr. concelleiro, as súas ansias de protagonismo a min non me van facer cambiar de opinión, o noso voto é en contra e ata aquí.

Sra. alcaldesa: rematamos o debate de esta moción, que xa durou bastante. Soamente un último apunte, que non ten que ver coa moción, espero que efectivamente todos os asuntos que teñan relación con Bergondo, que o Sr. parlamentario poida presentar na Cámara, que pasen primeiro por aquí, recordarémolo.

A continuación procedese á votación a moción presentada polos concelleiros non adscritos, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista catro (4) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo dúas abstencións (2); Grupo municipal do Partido Popular cinco (5) votos en contra; concelleiros non adscritos: dous (2) en contra.

**Total: seis (6) votos a favor, dúas (2) abstencións e cinco (5) en contra.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada**, por maioría de votos a favor, a moción antes transcrita.

## **9.- ASUNTOS URXENTES.**

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta aos/a voceiros/a dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba a esta convocatoria.

Non se presentan.

## **10.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 22 de outubro ata o 23 de novembro de 2012, numerados do 781/2012 ao 905/2012. O Pleno queda enterado.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O grupo municipal do Partido Popular, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 26 de novembro, co núm. de rexistro de entrada: 10774

O Sr. concelleiro Alberto Feijoo Rodríguez, pasa seguidamente a formulalos; son os seguintes:

ROGOS:

*1.- Guísamo, camiño de BOS a BALDORMIR: hai un vertedoiro incontrolado con obxectos tales como escombros, televisores, botes, etc. . Retirar antes de que se acumule máis lixo e indicar prohibición de vertidos. (achegan fotografías).*

Sr. concelleiro de infraestruturas, Francisco M. Fafián Torreiro: xa nos puxemos en contacto co veciño que denunciou isto, estamos facendo inventario e en breve se van quitar todos; tamén saberán do custo que isto supón.

Sr. concelleiro do PP: ¿vai haber algunha medida para evitar que se volvan a facer?, se que é moi difícil.

Sr. concelleiro de infraestruturas: sancionar aos donos dos montes, é o que nos queda. Isto é un tema cívico, hai diferentes vertedoiros en Bergondo que se limparon desde que eu estou aquí intentando botar unha man aos veciños desde esta concellería, centos de veces; e ao final da igual que se quiten, a xente debe ter unha rutina para botalos aí. O de Peteiro ata quitamos unha vaca, é un problema de saúde grave e a xente dálle igual. Entón o que temos que facer é empezar a buscar unha maneira legal para sancionar.

Sr. concelleiro do PP: ao mellor non saben onde está o punto limpo.

Sr. concelleiro de infraestruturas: si o saben pero é unha cuestión de comodidade.

Sra. alcaldesa: moitas veces son escombros de pequenas obras realizadas nas vivendas.

Sr. concelleiro de infraestruturas: isto que aparece na foto é un televisor, e o contenedor está a menos de cincuenta metros.

2.- *Iluminación pública: revisar iluminación na estrada Espírito Santo/Sada. No lugar de Río Maior (Lubre) hai, polo menos, seis puntos de luz en mal funcionamento (intermitencia).*

Sra. alcaldesa: no momento en que se incorpore o electricista que está de vacacións procederá.

Sr. concelleiro do PP: ¿cando se incorpora?.

Sra. alcaldesa: agora en decembro.

3.- *Lubre, carretera de Viña a Campo Galán: hai depositados na cuneta uns postes de Fenosa (de cemento) dende hai mais dun ano, que impiden a limpeza da mesma, e obstrúen a circulación da auga de chuvia, que se desborda e inunda a estrada.*

*Petición dos veciños que se avise a Fenosa para que retiren estes postes.*

*Así mesmo, los veciños seguen reclamando a limpeza de a “Fonte Galán”.*

Sr. concelleiro de infraestruturas: en Bergondo hai postes en Lubre, no Convento, en Cortiñán, hai varios postes nas cunetas que deixou unha empresa que contratou Gas Natural, cambiou o coordinador de zona e entrou unha nova empresa e aínda non saben como facelo porque é algo que quedou pendente da outra empresa, pero quedaron que ían a retiralo; xa llo instamos moitas veces, xa a Alcaldía se puxo en contacto con eles. Seguiremos insistindo.

4.- *Saioso: desprendemento de terra sobre a beirarrúa que dificulta o paso de viandantes. Convén limpar o antes posible, e sinalizar mentres non se execute a limpeza. (achegan fotografías).*

Sr. concelleiro de infraestruturas: aquí, no verano, o concello xa tivo que limpar o cómaro desa zona porque a Xunta de Galicia, que é a propietaria desa estrada, non tiña contratada a limpeza da estrada; xa o limpamos nós porque do colexio de Carrio protestaron bastantes veces de que había ortigas e incluso caía terra. Volvemos a insistir á Xunta de Galicia, parece ser que aínda non licitaron a limpeza das estradas. Nós pequenas cousas si podemos facer, andar limpando estradas doutros organismos non debemos de facelo; seguiremos insistindo.

Os Sres. concelleiros non adscritos D. Antón Sánchez García e D. Juan Antonio Fariña Pedreira, presentaron os seus Rogos e Preguntas o día 27 de novembro, co núm. de rexistro de entrada: 10819.

O Sr. concelleiro Antón Sánchez pasa seguidamente a detallalos:

ROGOS:

1) *O camiño de acceso a Babío precisa dunha reparación urxente*

Sra. alcaldesa: si

2) *Solicítase a organización dunha rolda de charlas, desenvolvidas por técnicos na materia, e por todas as parroquias, para explicar e achegar á cidadanía o uso e as vantaxes da Sede Electrónica de Bergondo.*

Sra. alcaldesa: xa sei que levamos moitos días falando da nova páxina web, pero agora si que ten que estar moi a punto e dende ela e moito mais accesible, polo tanto, estas charlas faranse no momento en que esa nova páxina estea en funcionamento.

#### PREGUNTAS:

##### 1) *Plan Xeral de Ordenación Municipal.*

Sra. alcaldesa: está pendente da licitación, como xa dixen no último pleno, xa sei que comentei que sería no mes anterior pero aínda non está rematado.

Sr. concelleiro: ¿que é o que non está rematado?.

Sra. alcaldesa: o Prego.

Sr. concelleiro: eu o que lle pido é que cando se di unha cousa aquí que se pense antes de dicila.

Sra. alcaldesa: eu as penso Sr. concelleiro

Sr. concelleiro: no anterior pleno dixen dentro dunha semana imos reunir a Comisión do Plan Xeral, pasou un mes e seguimos igual; levamos un ano e medio desde as eleccións municipais e o único que se fixo foi rescindir o contrato.

##### 2) *Plan de racionalización de cemiterios municipais.*

Continúa o Sr. concelleiro, aquel día que presentou unha moción o Partido Popular quedáramos en volver a falar todos os grupos.

Sr. concelleiro de infraestruturas: estamos con elo, hai que esperar un pouco porque estamos intentando ver como resolver un pequeno resquicio legal, xa que isto de ter os cemiterios unha parte propiedade, supostamente, do concello, xa que se fixo dunha forma un pouco pintoresca, e doutra parte os veciños. Debemos esperar a que nos dean certo soporte xurídico.

Sr. concelleiro: ¿soporte xurídico?.

Sr. concelleiro de infraestruturas: soporte xurídico porque agora mesmo para poder licitar calquera obra nun cemiterio temos que demostrar a titularidade, e ao día de hoxe para poder amplialos non está esa titularidade feita por ningunha das partes; entón debemos esperar a ver como podemos abordar este paso. Se non me cree cóntolle un conto, eu o que lle digo é, cando se fixo a ampliación dos cemiterios en Bergondo fíxose dunha maneira, digamos, pasando por enriba de todo, agora Sanidade esixe unhas condicións moi extremas para poder amplialos. Soamente se poden ampliar dous, Cortiñán e o de Bergondo, os demais temos que esperar por ese tipo de documentación; se quere cóntolle outra cousa e quedamos tan tranquilos.

Sr. concelleiro: iso é, como dicía un, eu teño estes principios pero se non lle valen teño outros. Eu o pregunto porque é o secretario quen valora a normativa.

Sr. concelleiro de infraestruturas: pero non lle parece mellor que cando teñamos toda a documentación, achegarlla a todos e non andar ....., se quere que traballemos, senón.....

Sr. concelleiro: gustaríanos traballar con prazos, no Plan Xeral e neste tamén, vostede pídeme que o entenda, pero enténdanos a nós, e que todo é *estamos trabajando en ello*,

Sra. alcaldesa: Sres. concelleiros pasemos á seguinte pregunta.

Sr. concelleiro de infraestruturas: eu escóitolle o que queira, pero vostede tamén debe escoitar ao que está traballando. Temos reunión co Arcebispo, reunímonos con varios veciños que tiñan certa documentación, porque por enriba hai documentación que non se presentou no Rexistro, se quere lle conto outra cousa e non facemos nada, entón, eu o que lle digo é, estase a facer un esforzo para ter toda a documentación, para poder presentarlle aos grupos, senón o quere ver e entender é cousa súa.

Sra. alcaldesa: seguinte pregunta

##### 3) *Aquages, estación de bombeo de San Paio.*

Sra. alcaldesa: seguramente a semana que ven rematarán as obras que estaban facendo de mantemento, esta xa a piques de funcionar correctamente.

Sr. concelleiro: a semana que ven, é para ir apuntando.

Sra. alcaldesa: non fai falta que apunte, estase gravando e na acta deste pleno ira reflectido.

Sr. concelleiro: tanto da, reflíctense tantas cousas.

#### 4) *Prego de condicións do contrato de Aquagest.*

Continua o Sr. concelleiro: no Prego de condicións do contrato de Aquagest había unhas melloras propostas por Aquagest, que supoño que lle axudarían a ganar o concurso, que era os planos en formato dixital e en papel, da rede de abastecemento e saneamento, e non os temos, e tamén unha cámara para poder inspeccionar as tubarías; ¿falouse con Aquagest para que cumpra isto?.

Sra. alcaldesa: si, de feito a cámara esta utilizándose cando é necesario, xa se ten utilizada no concello e nestes días probablemente se vai utilizar por un problema de pluviais na estrada da baixada de Carrio.

Sr. concelleiro: eu non dubido que se estea utilizando.

Sra. alcaldesa: e que non era que tivera que ser municipal esa cámara, senón que era o uso dela a través da empresa.

O plano de abastecemento e saneamento tamén é unha das obrigas que teñen; dende o concello lles estamos achegando diferentes proxectos, algúns dixitalizados e outros non, sobre todo referidos a saneamento para que os poidan incorporar.

Sr. concelleiro: eu teño memoria, cando estabamos a falar do problema de Miodelo, lembro que a alcaldesa dixo que, a utilización da cámara é moi cara e non se pode utilizar tanto, ou está a disposición ou non está.

Sra. alcaldesa: é certo.

#### 5) *Aclaración sobre unha plantación de 9,7 hectáreas de eucalipto en Vixoi.*

Sr. concelleiro de infraestruturas: contéstolle eu. Como sabe, no mes de xullo houbo un veciño que se dedicou a plantar eucaliptos, supostamente para esa plantación lle facía falta licenza, porque esas licenzas dáas a Xunta a partir de catro con cinco hectáreas, e a raíz das queixas dos veciños nos puxemos en contacto coa Xunta e pedímoslle, ademais é coñecedora a Asociación de Veciños que é a que denunciaba, en reiteradas ocasións que nos xustificara que ese tipo de plantación estaba autorizado porque había un cambio de uso do solo, a Xunta de Galicia non só non contesta senón que responde con esquivas, e, como sabe, aínda fai pouco notificóuselle aos veciños que a Xunta de Galicia esquiva as preguntas do concello, e seguimos insistindo para que nos diga se legalmente esa plantación é autorizable polo tipo de solo que ten, e o cambio de solo se está autorizado tamén. Entón, quen ten que legislar nese aspecto é a Xunta, nós temos que perseguilo e así o estamos facendo.

Sr. concelleiro: ¿cando se lle mandou o escrito solicitando os permisos á Xunta?.

Sr. concelleiro de infraestruturas: ten vostede, se quere, acceso a todo o expediente, e partir de aí pode analízalo, porque parece que pon en dúbida a miña palabra. Eu de memoria non me sei todos os escritos. Sabe que martes e xoves temos unha enxeñeira forestal que está á súa disposición.

Sr. concelleiro: ben, xa verei eu a data. Respecto da distancia dos eucaliptos, ¿hai algún informe que diga se están plantados correctamente?, ¿respecto á distancia das casas?.

Sr. concelleiro de infraestruturas: si, ten vostede á súa disposición o informe.

Sr. concelleiro: pero ¿están á distancia correcta ou non?.

Sr. concelleiro de infraestruturas: ten vostede o informe e pode consúltalo. O primeiro, sen a xustificación da plantación, eu penso que ata non é vinculante. O que temos que conseguir é que a Xunta de Galicia dunha vez por todas diga se esa plantación é legal, porque hai un cambio de uso de solo, a un que é de labradío e hai un plantado de eucaliptos; é o que temos que conseguir entre todos, o resto o ten vostede perfectamente documentado, ¿vale?, e as distancias ás casas, o informe di que está adecuado á nova Lei.

Sr. concelleiro: ¿a nova Lei?, ¿cando se fixo ese informe? Aínda non está en vigor a nova Lei.

Sr. concelleiro de infraestruturas: estaba xusto en trámite, porque vostede sabe que a Xunta de Galicia non tramitou desde o mes de xullo ningún informe de cambio de uso de distancias con respecto á nova Lei;

entón, os servizos xurídicos o que nos aconsellaron era facer o informe nese sentido, non é vinculante, xa lle digo, mentres non se teña a contestación da Xunta de Galicia do tipo de solo, non é vinculante nada. Se vostede cree que lle estou enganando ten á vosa disposición toda a documentación.

Sr. concelleiro: intentando enganar; mentres unha nova Lei non entre en vigor e derroque a outra está en vigor a antiga; polo tanto, no momento da plantación eses eucaliptos tiñan que estar a cincuenta metros da estrema, o único que tiña que pedir informe e xa está.

Sr. concelleiro de infraestruturas: da estrema da casa

Sr. concelleiro: si, da estrema da casa, iso é interpretación da Lei, e o informe ¿que di sobre iso?.

Sr. concelleiro de infraestruturas: consúlteo.

Sr. concelleiro: moi ben.

Sr. concelleiro de infraestruturas: non lle parece mais xusto consultalo, imos ver, vólvolle a explicar o que lle estou intentando dicir, non tratamos de enganar a ninguén, porque o primeiro que foi alí, fun eu coa enxeñeira forestal e púxeme a disposición dos veciños, mediamos con todo o mundo, presentamos a documentación en tempo e cada documentación que presentaban os veciños a presentamos na Xunta apoiándoa.

Sr. concelleiro: agora che ven a memoria

Sra. alcaldesa: pasamos á seguinte pregunta.

6) *Estado de cesión do campo da festa en Vixoi (a carón da finca de Cortón) e plantación de árbores no mesmo.*

Sra. alcaldesa: creo que sabe vostede tan ben como min que iso está igual.

Sr. concelleiro: ¿vanse plantar árbores?.

Sra. alcaldesa: polo de agora non temos dispoñibilidade terreos; creo que xa contestei a unha pregunta similar sobre iso nalgún momento.

7) *Problemas con verquidos da EDAR de Fiobre.*

Sr. concelleiro de infraestruturas: como vostede sabe, houbo un veciño que un sábado ás dúas da tarde, denunciou nas redes sociais que había vertidos na rede de Fiobre; a min me informaron, e ese día abrimos a rede de fecais da depuradora de Fiobre, deuse a coincidencia de que estaba chovendo, e o que este veciño viu era auga revolta do río; abrimos a depuradora, chamamos ao 112.

Eu o que lle rogo e que cando teñan dúbidas de que o goberno lles está a mentir, chamen ao 112, mais que andar mareando nas redes sociais, porque eu non as vexo.

Entón, para ir pechando puntos, este verano houbo un vertido, no mes de xullo, e este suposto vertido o mes pasado, ben en setembro, en ningún momento se xustificaron que viña da depuradora, polo tanto non existe ningún tipo de vertidos, se quere tamén as análises da depuradora están á súa disposición.

Sr. concelleiro: se estou preguntando é por algo, non sei quen andaría mareando nas redes, eu non. Preguntamos e incluso hai un escrito sobre un informe de Seprona que eu vin de vertidos, e non nos din se é da EDAR ou non, por iso preguntamos.

8) *Acordos coa empresa “Forestal de Pazos”.*

Continúa o Sr. concelleiro: vimos recentemente o tractor desta empresa desbrozando; primeiro queremos saber se o sistema de limpeza de camiños vai ser sempre este, contratar unha empresa, o foi que houbo algún problema con algún tractor do concello; se se pode soste a limpeza dos camiños so cos tractores que hai no concello, etc.

Sr. concelleiro de infraestruturas: isto foi un acordo puntual cun contrato menor, seguindo todos os requisitos legais para que non haxa ningún tipo de problema, está a disposición de vostede toda a documentación. ¿Cal foi o problema?, que este ano coa cantidade de chuvias que houbo e co crecemento de maleza, temos case cincocentos quilómetros de estradas, a cada lado son mil quilómetros, temos dous



tractores e soamente hai seis persoas na nave, non dábamos para mais, e encima vostedes son dos que están dicindo que non facemos nada.

Sr. concelleiro: ¿cantos quilómetros di?

Sr. concelleiro de infraestruturas: cincocentos dezasete quilómetros de estradas.

Sr. concelleiro: son os mesmos que hai tres anos ¿non ?

Sr. concelleiro de infraestruturas: si

Sra. alcaldesa: se vostede o que pregunta é que cos medios municipais se deben optimizar os recursos municipais, loxicamente, para non ter que recorrer á externalización de servizos, iso é o que se fai sempre, tanto neste caso como pode ser o dos desbroces, como pode ser calquera outro servizo. É prioritario optimizar os recursos municipais, lóxico, porque ademais os tractores nestes dous últimos anos non tiveron as avarías que si viñan tendo anos atrás, pero foi un acordo puntual para unha labor moi concreta porque non se daba feito, simplemente iso.

Sr. concelleiro: é que son dezaseis euros mais ive, neste caso.

9) *Inventario de camiños públicos, fontes e lavadoiros.*

Sra. alcaldesa: como vostede recordará, nos orzamentos deste ano ía supeditado este inventario a obter algunha subvención que o apoiara, entre elas e sobre todo, era a que se esperaba obter da Reserva da Biosfera e así se recolleu na Memoria da Alcaldía pola proposta que facía, naquel momento, o concelleiro do BNG. A Reserva da Biosfera aínda se está a tramitar e non houbo subvención, e, de feito, creo que volvemos a tramitalo igualmente noutra subvención que a Xunta de Galicia quitou, sobre Medioambiente, que non sei se foi denegada, pero, en todo caso, non foi concedida.

É prioritario para o concello, pero sempre que teñamos financiamento.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas e cincuenta minutos remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario, dou fe.

O secretario xeral

V. e Pr.:  
A alcaldesa

Federico Suárez Cancelo

Alejandra Pérez Máquez